

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 25 DE MARZO DO 2021.**

**ASISTENTES:**

<p align="center"><b>Presidente:</b></p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p align="center"><b>Membros que asisten:</b></p> <p>D<sup>a</sup>. María José Sampedro Fernández  D<sup>a</sup>. Juana María Brión Santamaría  D<sup>a</sup>. Ana Isabel Ruiz Reiriz  D. Ramón José Doval Sampedro  D<sup>a</sup>. Ana Isabel Barreiro Rego  D. Víctor Reiriz Lampón  D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos</p>	<p align="center"><b>Interventor:</b></p> <p>D. Pablo Bao Castro</p> <p align="center"><b>Secretario Xeral:</b></p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p align="center"><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>-----</p>
--	---

Reúnense de forma telemática ao amparo do artigo 46.3 da Lei de Bases de Rexime Local, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e cinco de marzo do dous mil vinte e un, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 18/03/2021.

**II.- CONTRATACIÓN.**

**1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DA RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EN RÚA LUGO E RÚA ROSALÍA DE CASTRO.**

Expediente: 2021/C\_SU000001

Visto o expediente que se tramita para contratar a subministración da “**Renovación do alumeado público en Rúa Lugo e Rúa Rosalía de Castro**”, cun orzamento total de licitación de 18.295,20 euros (orzamento base: 15.120,00 euros; IVE 21%: 3.175,20 euros), cun prazo de execución de 1 mes.



Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Prego de prescricións técnicas particulares do contrato redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, cun orzamento total de licitación de 18.295,20 euros (orzamento base 15.120,00 euros; IVE 21%: 3.175,20 euros), e cun prazo de execución de 1 mes.
- 2.- Informe técnico sobre o investimento, que inclúe informe de non división en lotes, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/12/2019.
- 3.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos asinado polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle e pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/12/2019.
- 4.- Memoria económica da alcaldía sobre inversión financeiramente sostible asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 16/12/2019.
- 5.- Informe da intervención específico de cada investimento financeiramente sostible solicitado, asinado polo interventor Pablo Bao Castro na data 16/12/2019.
- 6.- Decreto da alcaldía numero 201912/152 de data 18/12/2019 de non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2020".
- 7.- Certificación, de data 18/12/2019, da resolución da alcaldía, de data 18/12/2019, da non división en lotes do investimento incluído no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2020".
- 8.- Decreto da alcaldía número 202004/052 de data 22/04/2020 de emenda das deficiencias atopadas no prego de prescricións técnicas.
- 9.- Decreto da alcaldía número 202004/079 de data 28/04/2020 de emenda das deficiencias atopadas no prego de prescricións técnicas.
- 10.- Certificado, de data 18/12/2019, do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión extraordinaria urxente celebrada na data 16/12/2019, polo que se acorda participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2020" (en cuxo Plan complementario se inclúe a renovación do alumeadado público en rúa Lugo e rúa Rosalía de Castro) da Deputación Provincial da Coruña, se aproban os proxectos ou pregos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 11.- Certificado, de data 28/05/2020, do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión extraordinaria celebrada na data 28/05/2020, polo que se acorda participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ adicional 2/2020 da Deputación Provincial da Coruña, se aproban os proxectos ou pregos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 12.- Proposta de contratación/memoria xustificativa do contrato asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 11/03/2021 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na mesma data.
- 13.- Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 12/03/2021 (número de operación 2021 22003725), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 165A 63902.



- 14.- Prego de cláusulas administrativas particulares para rexer a contratación asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 17/03/2021.
- 15.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 23/03/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 16.- Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 23/03/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como establecen os artigos 16 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da subministración da “Renovación do alumeadado público en Rúa Lugo e Rúa Rosalía de Castro”,** cun orzamento total de licitación de 18.295,20 euros (orzamento base: 15.120,00 euros; IVE 21%: 3.175,20 euros), cun prazo de execución de 1 mes.

**SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas** redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira..

**TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares** que rexerá a contratación da subministración, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 17/03/2021.

**CUARTO.- Aprobar o gasto** con cargo á aplicación orzamentaria 165A 63902.

**QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación** por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

**SEXTO.-** Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).

**SÉTIMO-** Conforme establece a cláusula 14.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a presente licitación ten carácter electrónico. As ofertas presentaranse no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), dirección electrónica: [https://silex.conselleriadeconomia.es/SLE\\_Internet/](https://silex.conselleriadeconomia.es/SLE_Internet/).

**OITAVO.-** Dar conta do presente acordo á Intervención aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

## 2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DA RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EN RÚA DE GALICIA.

Expediente: 2021/C\_SU000002



Visto o expediente que se tramita para contratar a subministración da “**Renovación do Alumado Público en Rúa de Galicia**”, cun orzamento total de licitación de 39.204,00euros (orzamento base: 32.400,00 euros; IVE 21%: 6.804,00euros), cun prazo de execución de 1 mes.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Prego de prescricións técnicas particulares do contrato redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, cun orzamento total de licitación de 39.204,00 euros (orzamento base 32.400,00 euros; IVE 21%: 6.804,00 euros), e cun prazo de execución de 1 mes.
- 2.- Informe técnico sobre o investimento, que inclúe informe de non división en lotes, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/12/2019.
- 3.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos asinado polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle e pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/12/2019.
- 4.- Memoria económica da alcaldía sobre inversión financeiramente sostible asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 16/12/2019.
- 5.- Informe da intervención específico de cada investimento financeiramente sostible solicitado, asinado polo interventor Pablo Bao Castro na data 16/12/2019.
- 6.- Decreto da alcaldía numero 201912/152 de data 18/12/2019 de non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2020”.
- 7.- Certificación, de data 18/12/2019, da resolución da alcaldía, de data 18/12/2019, da non división en lotes do investimento incluído no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2020”.
- 8.- Decreto da alcaldía número 202004/062 de data 23/04/2020 de emenda das deficiencias atopadas no prego de prescricións técnicas.
- 9.- Decreto da alcaldía número 202004/080 de data 28/04/2020 de emenda das deficiencias atopadas no prego de prescricións técnicas.
- 10.- Certificado, de data 18/12/2019, do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión extraordinaria urxente celebrada na data 16/12/2019, polo que se acorda participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2020” (en cuxo Plan complementario se inclúe a renovación do alumado público en rúa Galicia) da Deputación Provincial da Coruña, se aproban os proxectos ou pregos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 11.- Certificado, de data 28/05/2020, do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión extraordinaria celebrada na data 28/05/2020, polo que se acorda participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ adicional 2/2020 da Deputación Provincial da Coruña, se aproban os proxectos ou pregos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 12.- Proposta de contratación/memoria xustificativa do contrato asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 12/03/2021 e conformada polo alcalde



Manuel Ruiz Rivas na mesma data.

- 13.- Documento contable “RC” expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 12/03/2021 (número de operación 2021 22003742), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 165A 63901.
- 14.- Prego de cláusulas administrativas particulares para rexer a contratación asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 17/03/2021.
- 15.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 23/03/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 16.- Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 23/03/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como establecen os artigos 16 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da subministración da “Renovación do Alumeado Público en Rúa de Galicia”,** con orzamento total de licitación de 39.204,00euros (orzamento base: 32.400,00 euros; IVE 21%: 6.804,00euros), con prazo de execución de 1 mes.

**SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas** redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira..

**TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares** que rexerá a contratación da subministración, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 17/03/2021.

**CUARTO.- Aprobar o gasto** con cargo á aplicación orzamentaria 165A 63901.

**QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (factor prezo).**

**SEXTO.-** Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).

**SÉTIMO-** Conforme establece a cláusula 14.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a presente licitación ten carácter electrónico. As ofertas presentaranse no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), dirección electrónica: [https://silex.conselloriadefacenda.es/SLE\\_Internet/](https://silex.conselloriadefacenda.es/SLE_Internet/).

**OITAVO.-** Dar conta do presente acordo á Intervención aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.



### III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 23/03/2021 “Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado “Pavimentación e reordenación do parque infantil do Colexio de Artes””.

### IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

### V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

### VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

### VII.- INFORMACIÓN URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **María del Pilar Vidán Martínez**, de data 10/03/2021 (Rexistro de entrada nº 3.465), no que solicita información urbanística de parcela situada en Rúa Cruceiro de Marcos, 21 (Palmeira) – Ref. catastral: 3541302NH0134S0001FH.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 18/03/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

De acordo con el PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y la Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca de referencia catastral 3541302NH0134S0001FH en el plano adjunto en Palmeira que está clasificada dentro del **PLAN ESPECIAL de REFORMA INTERIOR de PALMEIRA PERI-3** que mientras no se redacte será de aplicación la Ordenanza 4 y las alineaciones serán fijadas por el Ayuntamiento previa petición de licencia, tal como se define dicha ordenanza **RESIDENCIAL MEDIA, VIVIENDA COLECTIVA AGRUPADA**, con las siguientes determinaciones:

#### Artículo 153: Ordenanza 4a- Residencial media, vivienda colectiva agrupada

##### 1. Definición y ámbito



Corresponde esta Ordenanza a la trama urbana de los barrios originarios de Palmeira, Corrubedo y Ribeira, caracterizándose por unas alineaciones no geométricas y a la tendencia a la compactación de manzanas.

Se pretende fundamentalmente con esta Ordenanza la conservación de la parcela y el tipo de edificación.

### 1.1. Obras admisibles

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta.

### 1.2. Usos globales

**Uso global:** Residencial media densidad.

**Uso característico pormenorizado:** Vivienda colectiva y unifamiliar

**Uso admisible:** Terciario de Comercio, Oficinas y Hostelería,

Industriales en su nivel de talleres que no superen los umbrales de compatibilidad domésticos y Dotaciones de Interés Social, únicamente en plantas baja y primera con acceso independiente.

### 1.3. Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria para esta zona es la de vivienda colectiva agrupada. Se pretende conseguir una edificación integrada en el núcleo tradicional existente preservando la imagen de éste. La edificación se realizará en consonancia con el carácter del conjunto conservándose sus elementos singulares y los edificios y elementos catalogados.

## 2. Parámetros de la edificación

### 2.1. Condiciones de la parcela

**Parcela mínima:** 50 m<sup>2</sup>., no permitiéndose la agrupación de parcelas que superen los 200 m<sup>2</sup>.

**Frente mínimo:** será de 6 metros, cuando se trate de un solar entre medianeras consolidadas se permitirá la construcción siempre que el frente sea mayor de 4 metros y que cumpla el resto de los parámetros.

### 2.2. Condiciones de ocupación

**Posición, retranqueos:** La línea de edificación exterior coincidirán con la definida en los planos de ordenación, tendrá en general carácter obligatorio, en los casos en los que no estén definidas con precisión se conservarán las existentes, pudiendo el Ayuntamiento establecer su reajuste o retranqueo a través de las figuras de planeamiento previstas para este fin, cuando pueda derivarse mejoras para las condiciones del espacio público y de la edificación de las parcelas.

**Fondo máximo edificable:** Se establece en 14 metros.

### 2.3. Condiciones de volumen

**Altura de edificación:** Número de plantas: BAJO + DOS plantas (limitada por el ancho de la calle) permitiéndose la utilización del bajo cubierta y de la planta sdtano, según las normas de edificación.

**H. máxima:** 9,60 metros.

**Altura coronación:** 4 metros sobre el Último forjado.

### 2.4. Elementos arquitectónicos

**Cuerpos volados:** Se autorizan cuerpos volados como elementos añadidos al cuerpo principal de la construcción tales como galerías o miradores, no pudiendo cerrarse con elementos opacos en más del 50% de su superficie en el caso de la fachada marítima se exigirá el 80%.

La dimensión de los vuelos serán las fijadas en las normas generales de edificación, permitiéndose estas a una altura de 3,5 metros.



**Balcones:** En los cuerpos volados no se autorizan a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 60 cm y cumplirán las mismas condiciones de separación, respetando a las medianeras y las galerías.

**Cornisas y aleros:** La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,40 metros.

#### 2.5. Condiciones ambientales y estéticas

Los edificios quedarán integrados en la unidad de los núcleos tradicionales con volúmenes similares a los existentes.

**Cerramientos exteriores y materiales:** La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se adoptarán soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar, excepto tipo split.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

**Cubiertas, materiales:** Las cubiertas se resolverán prioritariamente a dos aguas utilizando como material de cobertura teja cerámica curva.

**Composición de fachadas - huecos:** Con respecto a la fachada las nuevas edificaciones mantendrán el ritmo y la forma de las actuales.

### VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

### IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

### X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR "ASESORÍA BENY GARCÍA, S.L.", EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D<sup>a</sup> CARMEN ROMERO ABEIJÓN, COMO CONSECUENCIA DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2020 RESP000001.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de D<sup>a</sup> CARMEN ROMERO ABEIJÓN co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

#### FEITOS

Primeiro.- O día 12 de setembro de 2020, D<sup>a</sup> Carmen Romero Abeijón, con DNI número 33.081.000-P, ía camiñando pola beirarrúa situada ao lado do establecemento





comercial “Os nenos”, no lugar de Padín, cando tropezou cunha lousa que se atopaba levantada o que fixo que perdera o equilibrio caendo ao chan.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. Romero Abeijón tivo que ser atendida no Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron traumatismo na faciana e no xeonllo.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 25/09/2020 co número 12.249, D<sup>a</sup> Carmen Romero Abeijón promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando unha indemnización total de 150 euros, pola rotura dos lentes que levaba postos no momento do accidente.

Co escrito de presentación da súa reclamación, achega o informe de asistencia no servizo de urxencias do Hospital da Barbanza.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 30/09/2020 co número 12.624, achega factura expedida por “Óptica Blanco” na data 23/09/2020, pola contía anteriormente indicada.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 12/09/2020 pola Policía Local; informe emitido na data 02/02/2021 pola Policía Local; e informe emitido na data 19/02/2021 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

### SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva



realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teñan o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Carmen Romero Abeijón para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente** ocorrido na data 12/09/2020 en vía pública, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

Actúa representada pola entidade "*Asesoría Beny García, S.L.*", con CIF número B70050489, que acredita a súa representación con documento de autorización asinado pola interesada na data 14/12/2020.

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular da beirarrúa na que ocorreu o accidente**, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de "*infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade*", debendo prestar, en todo caso, o servizo de "*pavimentación de vías públicas urbanas*", o que necesariamente inclúe o seu mantemento.



Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos pola Sra. Romero Abeijón. Así se deduce dos documentos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba a beirarrúa pola que camiñaba na data do accidente.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia do accidente** polo que se reclama, como así o fai constar no seu informe emitido na data 12/09/2020, no que se dispón o seguinte: “ (...) el día 12 de septiembre de 2020, sobre las 13:45 horas, se recibe llamada telefónica de la dependienta de la juguetería “Os Nenos” en Padín, comunicando que una persona de edad avanzada se había caído en la vía pública ya que había una baldosa de la acera levantada. **Personados en el lugar, se comprueba que una señora de edad avanzada estaba siendo atendida por dos personas en las escaleras de la entrada a la tienda y se encontraba herida en las rodillas y en la cara a causa de haber enganchado en una baldosa que estaba suelta.** Se identifica a doña Carmen Romero Abeijón, con DNI 330810000P (...). Nos manifiesta que venía caminando por la acera cuando de repente pisó una baldosa y se cayó al suelo, golpeándose las rodillas y la cara con las gafas que tenía puestas y que se le habían roto al impactar contra el suelo. (...) **a modo preventivo los agentes proceden a señalar la baldosa que estaba suelta con spray fluorescente.** Se solicita ambulancia asistencial para atender a la señora y es trasladada en ambulancia al PAC de Ribeira.”
- **En informe emitido na data 02/02/2021, na instrución do expediente, a Policía Local informa o seguinte:** “(...) A la llegada de los actuantes, unos minutos después de producirse el siniestro, **se comprueba como efectivamente había una baldosa de la acera levantada,** como así se muestra en el informe fotográfico del informe de expediente relacionado. **A juicio de los actuantes, es probable que el accidente se produjese a consecuencia del estado de la acera.** Todos los indicios que se detallan en el informe relacionado, apuntan como causa determinante del accidente, al estado en que se encontraba la baldosa.”
- A enxeñeira municipal, no seu informe emitido na data 19/02/2021, informa o seguinte: “(...) En la fecha de la caída, esto es, el día 12 de septiembre de 2020, no se hizo por parte del departamento de obras públicas, ninguna inspección del citado lugar, por lo que se desconoce el estado exacto del mismo en la fecha del accidente. **Solamente puede constatarse por las fotografías que constan en el informe elaborado por la Policía Local, en las que se puede apreciar que, efectivamente, una de las baldosas de la acera estaba suelta, lo que puede suponer un obstáculo para la deambulación de las personas,** y más si estas son de una cierta edad, como es el caso. A fecha de hoy, se ha procedido a inspeccionar la zona, tomando varias fotografías que se adjuntan a este informe, y en las que se puede apreciar el buen estado general de la acera, sin ningún defecto visible ni aparente. Lo que también puede percibirse son unas marcas de spray de color verde claro en dos baldosas que se supone que son las realizadas



por la Policía Local con el fin de señalar las baldosas sueltas, que a día de hoy se encuentran reparadas.(...)”

Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: que se ten suficientemente demostrado a existencia de nexos de causalidade, pois resulta probado a existencia dun obstáculo, e que aquel tivera entidade tal como para provocar a caída da reclamante.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 18/03/2021, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 23/03/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D<sup>a</sup> Carmen Romero Abeijón polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, na contía de 150 euros, que se abonará integramente polo Concello de Ribeira ao non superar a contía establecida como franquicia nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade asegurado Mapfre Seguros de Empresas.

## 2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D<sup>a</sup> CRISTINA FERNÁNDEZ PÉREZ, POLOS DANOS NO VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD OCASIONADOS DURANTE A EXECUCIÓN DE LABORES DE XARDINARÍA REALIZADAS POR OPERARIOS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2020 RESP000004.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de D<sup>a</sup> CRISTINA FERNÁNDEZ PÉREZ co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

### FEITOS

Primeiro.- O día 15 de xaneiro de 2020, o vehículo marca Toyota Corolla Verso 2.2D, con placas de matrícula 0235FXS, propiedade de D. José Manuel Luaces Lijó, con DNI número 52455380Q, atopábase estacionado no recinto do obradoiro de emprego dual “O Pote”, ubicado en lugar de Campos, nº 37, parroquia de Carreira, cando, de súpeto, bateu contra o mesmo unha pedra por mor das labores de mantemento e xardinería que neses intreos estaban a realizar varios operarios municipais, producíndose danos no piloto traseiro dereito.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 04/02/2020 co número 1.579, D<sup>a</sup> Cristina Fernández Pérez, con DNI número 52459737A, en nome e representación de D. José Manuel Luaces Lijó, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados que cuantifican na contía total de 160,72 euros, segundo presuposto de reparación emitido por “Talleres Lista”.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple de tres fotografías dos danos no vehículo; e copia simple do presuposto de reparación do automóbil emitido por “Talleres Lista” polo importe antes referido.



Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 11/11/2020 pola Policía Local.
- Certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico.
- Informe emitido na data 23/02/2021 polo capataz do servizo municipal de xardinería.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, sen que durante o mesmo conste a presentación de alegacións.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

#### Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu



caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

#### Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao figurar como titular do vehículo que sufriu o dano polo que se reclama**, como así consta no expediente.

Actúa representado por D<sup>a</sup> Cristina Fernández Pérez, que acredita debidamente a súa representación mediante apoderamento "Apud Acta", efectuado por comparecencia persoal do interesado ante a funcionaria instrutora do expediente.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca Toyota Corolla Verso 2.2D, con placas de matrícula 0235FXS. Así se deduce do presuposto de reparación dos danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira non tivo constancia dos feitos polos que se reclama.** Así no informe emitido na instrución do expediente dispónse: "... se informa que consultados los archivos policiales no consta ningún informe ni atestado referente a daños en el vehículo placas 0235FXS, en Carreira."
